


COMUNICACIÓN DE PRENSA

FUNDACIÓN LAXEIRO
Presenta
ESPIÑAS COROADAS
de
LITO PORTELA



COMISARIO

Carlos L. Bernárdez

DESEÑO

noncommon_artbrandingeditions
(arquitectura & edición)

MÚSICA

Julián Hernández

TEXTOS

Manolo Romón

10 de maio – 14 de xullo

Co título ***Espiñas coroadas***, o artista **Lito Portela** (Moaña, 1958) leva á **Fundación Laxeiro** a súa reflexión sobre a natureza, o home a o estrañamento deste perante o mundo que nos rodea e nos acolle.

Espiñas coroadas é un proxecto escultórico sinxelo na súa formulación expositiva, que, a través de tres pezas rotundas, a medio camiño entre o hiperrealismo e a poesía e utilizando os recursos da tradición minimalista, propón un espazo limpo, de encontro do home coa realidade que o rodea e que, frecuentemente, resulta absurda e inintelixible.

Espiñas coroadas significa un fito na traxectoria de **Lito Portela**. Un fito no que a súa linguaxe escultórica abandona preocupacións construtivas, características na súa obra para espazos públicos, para centrarse nunha linguaxe orgánica, na que manexa con mestría os códigos da representación realista, para transcendelos e propoñer, como di o comisario da exposición, **Carlos L. Bernárdez**, “unha *realidade-outra*, paralela ao mundo real, que se carga dunha indubidábel aura poética e que acaba por constituírse en signos vitais”.

Para levar adiante este proxecto, ademais desta utilización dos códigos da mímese, **Lito Portela** manexa con acerto, recursos expresivos do minimalismo, como o xogo de escala e o diálogo co espazo arquitectónico, que o autor integra mediante a intervención nos panos expositivos, ademais dunha eficaz austeridade morfolóxica, materializada na monocromía das pezas e na súa instalación na sala, sen máis recurso que a súa propia materialidade, sen peñas, urnas, vitrinas ou calquera outro elemento propio da retórica da exhibición escultórica.

Este traballo, que xa fora exposto en 2012 na sala **Alterarte** do Campus de Ourense, amosa na **Fundación Laxeiro** unha parte anovadora ao incorporar un capítulo non visto ata agora, como é o seu proceso de xestación, engadindo unha parte de reflexión do artista sobre o seu propio traballo que resulta, sen dúbida, útil para o autor, polo que implica de reformulación, ademais de ilustrativa para o espectador por ese interese engadido de acceso aos momentos previos ao resultado final.

A sala da **Fundación Laxeiro** divídese en dous espazos claramente diferenciados que son utilizados para definir dous tempos diferentes do proxecto:

Hai un primeiro tempo, no que ao acceder á exposición, podemos ver as tres rotundas esculturas que conforman o traballo final: un tronco de roseira de grandes dimensións, disposto horizontalmente sobre o chan, a modo de banco cuxas espiñas nos impiden sentar nel, un marco pendurado, tamén con espiñas e que non enmarca máis que o baleiro, e unha escada, espiñada tamén, pola que non podemos subir. Estes tres elementos, realizados en resina de poliéster pintado de cor negra, dispostos nun espazo en branco e negro, introducen ao visitante nun mundo absurdo, no que nada é o que parece e, con isto, tentan provocar unha reflexión acerca do sentido da nosa existencia.

Realizada co rigor formal de quen coñece a linguaxe escultórica en profundidade, estes tres elementos van acompañados dunha desacougante música de percusión, composta por **Julián Hernández** e uns textos breves do escritor **Manolo Romón**. Frases nihilistas que reflexionan sobre o sentido da vida e a morte e que, rotuladas sobre os panos expositivos, inciden sobre esa sensación de estrañamento que o artista propón no seu proxecto. En palabras do comisario, **Carlos L. Bernárdez**: “O realismo da representación [de **Lito Portela**] non fica nunca na patina, no superficial, senón que se mergulla no máis intenso da tradición da representación, da construción escultórica, provocando unha aguda sensación de estupor”. Ese estupor que impregna a montaxe, conecta a mirada de **Lito Portela** coa tradición plástica existencial de artistas como Giacometti ou Francis Bacon; e de escritores como Georges Bataille ou Samuel Beckett; contextualizando a súa proposta nunha liña de pensamento que, nos tempos que corren, atopa un rexurdir indiscutible para analizar o absurdo do noso presente.

No segundo tempo da exposición, o artista decide traspasar a barreira da súa intimidade e mostrar o que poderíamos chamar a xestación do proxecto, mediante a exposición de pequenos obxectos, a modo de bosquejos das súas esculturas. Este segundo tempo, amosa o proceso creativo de **Lito Portela** e nel advírtese un cambio de escala que pasa da monumentalidade á intimidade e da rotundidade formal da obra rematada, á dúbida, o ensaio e a busca, propias da obra en proceso. Un interesante capítulo no que o artista descobre o seu xeito de traballo, a súa forma de pensar e os mecanismos que o levan dunha sensación máis ou menos abstracta, á concreción da obra final. Maquetas, papeis, debuxos e bosquejos, dispostos nunha mesa e unha vitrina, conforman este espazo íntimo, no que, do estrañamento producido pola contemplación da instalación escultórica, pasamos á curiosidade, case *voyeurista* de quen entra no espazo íntimo do taller do artista.

O proxecto enmárcase dentro da liña de colaboración que a **Fundación Laxeiro** mantén dende hai anos, coa Universidade de Vigo e que se materializa, neste ocasión, nesta exposición cuxa obra foi producida polo espazo **Alterarte** do Campus de Ourense.

O ARTISTA

PREMIOS E BECAS

- 2010.- 1º Premio Arte no Morrazo. Cangas do Morrazo.
- 2004.- 1º Premio Conxemar de Pintura. Vigo
- 1997.- 1º Premio de Pintura Artistas do Morrazo, Cangas, Pontevedra.
- 1996.- 3º Premio de Ademar Champañat.
- 1995.- 1º Premio de II Bienal Albariño Gran Bazán. Pontevedra.
- 1994.- 1º Premio Certamen de Pintura Concello de Tui. Pontevedra.
- 1991.- Beca de Novos Valores, Deputación de Pontevedra.

EXPOSICIÓNS INDIVIDUAIS

- 2013.- Espiñas coroadas. Fundación Laxeiro. Vigo
- 2012.- Espiñas coroadas. Estado Crítico. Sala Alterarte. Ourense.
- 2009.- Salvese quen poida. Galería Metro. Santiago.
- 2007.- Pintura barata, Música barata, Poesía barata. Galería A Carón do Mar. Cangas, Pontevedra.
- 2006.- Capela do Hospital, LP REC, Pontevedra
- 2003.- Galería A Carón do Mar. Cangas, Pontevedra.
- 2000.- Galería EMC, Santiago.
- 1997.- Galería Caixavigo, Nova Sala, Vigo.
- 1995.- Exposición CaixaMadrid, Palacete de Mendoza, Pontevedra.
- 1994.- Galería Sargadelos, Vigo, Pontevedra.
Galería Minotauro, Santiago.
- 1993.- Sala Deputación de Lugo.
Galería Sargadelos, Ourense.

EXPOSICIÓNS COLECTIVAS

- 2010.- Feira Espacio Atlántico. Galería Metro.
Proxecto Home, exposición itinerante.
- 2009.- Feira Puro Arte. Vigo. Galería Metro.
Quimeras y Pasiones. Galería Metro. Vigo.
Art Madrid. Galería Metro. Madrid.
- 2008.- "Entre Dous". Galería PM 8. Vigo.
- 2007.- Colectiva centro comarcal do Barco de Valedoras, Ourense.
- 2006.- Sala Diputación de Ourense.
Colectiva Nadal , sala A Carón do Mar. Cangas , Pontevedra
- 2005.- Ponte da Lima. Portugal.
Colectiva Nadal 2005, Sala A Carón do Mar. Cangas, Pontevedra.
Dez Anos de Arte no Morrazo. Cangas, Pontevedra.
- 2004.- Certamen de Pintura Conxemar. Vigo.
Parlamento de Europa. Bruselas.
- 2003.- Galería DUA2. Vigo, Pontevedra.
Evento 6.0 Sentidos Gratis. Oporto.
Colectiva A Carón do Mar. Casa de Galicia. Lisboa.
- 2002.- Exposición "Sentidos Gratis". Coimbra, Portugal.
Sala Domínguez Búa. Bueu, Pontevedra.

- 2001.- Expolemos. Monforte
Exposalnes. Cambados
Brétema, colectiva de pintura na galería Anexo. Pontevedra.
Bienal Internacional de V. de Cerveira. Portugal.
Feria "deArte", Palacio de Cristal. Madrid.
- 2000.- Galería EMC, Santiago, (Catálogo)
Salón de Outono. A Coruña.
- 1999.- A Carón do Mar, Casa de Galicia, Madrid.
Pontevedra con Centroamérica. Vigo.
IV Bienal Pintor Laxeiro, Lalín. Pontevedra.
- 1998.- De Costa a Costa. Gran Teatro de La Habana, Cuba.
Galería Obelisco, A Coruña.
Galería Sargadelos, Pontevedra.
II Salón de Outono. A Coruña
- 1997.- Galicia Terra Única. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.
Bienal Internacional (Catálogo). Vilanova de Cerveira, Portugal.
III Bienal Pintor Laxeiro (Catálogo). Pontevedra.
Exposición Caixavigo, Nova Sala, Pontevedra.
- 1996.- Seleccionado no Certame de Pintura de Valdepeñas.
XIII Certame de Pintura de Cambre.
Diverxencias, Museo de Lalín, Pontevedra.
Certame de Pintura de Tui, Pontevedra.
- 1995.- Certame Ademar Champañat, Vigo, Pontevedra.
Certame de Pintura Gran Bazán, Pontevedra.
XII Certame de Pintura de Cambre, A Coruña.
Diverxencias, Museo Ramón Aller, Lalín.
- 1994.- Bienal de Toledo, Toledo.
Certame de Pintura Vila De Cedeira, A Coruña.
Galería Triángulo, Santiago de Compostela.
Balconadas, Betanzos, A Coruña.
Certame de Pintura Ferpalia 94, Pontevedra.
XI Certame de Pintura de Cambre, A Coruña.
- 1993.- Ateneo Santa Cecilia, Marín, Pontevedra
Galería Sargadelos, Ourense.
Colectivo Leste, Cangas, Pontevedra.
Instalación ó aire libre, Cangas, Pontevedra.
I Bienal Albariño Gran Bazán, Vilanova de Arousa.
I Bienal Pintor Laxeiro, Lalín, Pontevedra.
X Certame de Pintura Concello de Cambre, A Coruña.

- 1992.- Certame Arte Xove Galega, Vigo, Pontevedra.
Seleccionado en Benisa, Alicante.
Seleccionado en Arte Xove Galega, Vigo.
Novos Valores, Pontevedra.
Seleccionado en Casa España, Valladolid.
Colectivo artistas do Morrazo, Pontevedra.
- 1991.- Novos Valores, Pontevedra.
Certame Ademar Champañat. Vigo.
- 1990.- Concello de Tui, Pontevedra.
VII Certamen de Pintura de Cambre. A Coruña.
- 1989.- Pub Maside, Moaña, Pontevedra.
Teatro Principal. Pontevedra.
Galería A5. Oporto, Portugal.
- 1988.- Casa da Música, Cangas, Pontevedra.

OBRA EN MUSEOS E COLECCIÓN

Deputación de Pontevedra.
Colección CaixaVigo, Pontevedra.
Museo Ramón Aller, Lalín, Pontevedra.
Deputación de A Coruña.
Casa da Cultura, Cangas, Pontevedra.
Colección CaixaMadrid.
Concello de Tui, Pontevedra.
Colección Albariño Gran Bazán.
Deputación de Lugo.
Colección "BOA Música".
Coleccións particulares.
Colección concello de Moaña. Pontevedra.
Colección concello de Cangas. Pontevedra.

BIBLIOGRAFÍA

González Alegre, Alberto. " Portela de Fóra a Dentro."
Francisco Pablos. "Colección Caixavigo Tomo III".
Carlos L. Bernardez. " L. P. REC ".
Carlos L. Bernardez. " Desde o Morrazo, catro propostas plurais "
Anxel Huete. – " El enigmático tema del relato ".
M. Moldes. – " atados do Con ".
M. Romon.- " atados ".

OBRA PÚBLICA

Escultura "Buguina" en Donón, Pontevedra
Escultura "Follas" en el edificio Avenida. Cangas, Pontevedra.
Colaboración con X. Ríos en "Barcos", Cangas.
Escultura Igualdade, Xulgados. Cangas, Pontevedra
Colaboración con X. Ríos en "Avión", Moaña.